



## **OPCIÓN DE ALTA EN RETA OU MUTUALIDADE**

### **Instrucións xerais**

Instrucións para que os avogados/as exercentes que se incorporen aos colexios de avogados poidan optar pola afiliación/alta no Réxime especial de autónomos da Seguridade Social (RETA) ou pola inscrición na Mutualidade da Avogacía.

A Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados dispón a afiliación obrigatoria no Réxime especial de autónomos da Seguridade Social ou a inscrición na Mutualidade da Avogacía aos avogados/as que se colexien como exercentes por conta propia. Para tal fin será tido en conta o seguinte:

#### **Primeira. Incorporación dos colexiados/as para exercer por conta propia**

1. As persoas que se colexien como exercentes por conta propia poden optar entre a afiliación/alta no RETA ou a súa inscrición na Mutualidade da Avogacía.
2. Para iso haberán de expresar a súa opción no documento específico e entregar no colexio o documento da súa afiliación ao RETA ou a solicitude de inscrición na Mutualidade, como documento necesario para a colexiación.
3. As persoas afiliadas ao Réxime xeral da Seguridade Social que se colexien como exercentes por conta propia, están exentas de optar entre o RETA ou a Mutualidade da Avogacía.
4. O colexiado/a que cause alta no RETA poderá inscribirse, de forma voluntaria, na Mutualidade da Avogacía, dado que as súas pensións son compatibles e non concorrentes coas do sector público.

#### **Segunda. Incorporación dos colexiados/as para exercer a avogacía exclusivamente por conta allea**

1. As persoas que se colexien como exercentes, para exercer exclusivamente por conta allea e mediante relación laboral, haberán de estar afiliadas e dadas de alta na Seguridade Social e non teñen xa obrigación de afiliación/alta no RETA nin inscrición na Mutualidade da Avogacía. Non obstante, con carácter voluntario poderán inscribirse nesta Mutualidade, dado que as súas pensións son compatibles e non concorrentes coas do sector público.
2. No caso de que posteriormente pasen a exercer por conta propia, nese momento necesariamente, terán que optar entre o RETA ou a Mutualidade da Avogacía, sen que lles abonde permanecer no referido Réxime xeral.
3. Estes colexiados/as entregarán no colexio unha declaración xurada na que fagan constar o nome da empresa ou organismo para o que exercerán exclusivamente por conta allea, mediante relación laboral, e comprometeranse a non realizar ningunha actuación profesional por conta propia.

#### **Terceira. Incorporación dos colexiados/as nos colexios de avogados en situación de non exercentes**

1. Os colexiados/as non exercentes non terán obrigación de figurar no RETA nin na Mutualidade, mais poderán pertencer a esta con carácter voluntario dado que as súas pensións son compatibles e non concorrentes con calquera outra.
2. No caso de que posteriormente pasen a exercer a profesión por conta propia, nese momento necesariamente, terán que optar entre o RETA ou a Mutualidade da Avogacía.